

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DAS ENTIDADES LOCAIS

Unha de cal e outra de area

- AS ENTREGAS A CONTA PARA ESTE ANO CRECERÁN DE MEDIA UN 7% CON RESPECTO AO ANO 2014
- POLA CONTRA, UNHA GRAN MAIORÍA DAS ENTIDADES LOCAIS TERÁN QUE AFRONTAR REINTEGROS POLA LIQUIDACIÓN NEGATIVA DA PARTICIPACIÓN DO ANO 2013

Un ano máis, a Participación nos Ingresos do Estado para o ano 2015 ofrecerá resultados contraditorios, dentro dun modelo que mantén os mesmos cuestionables criterios de reparto, que segue a prexudicar dun xeito notable aos concellos galegos.

Incremento das Entregas a Conta para o ano 2015

As entregas a Conta que percibirán as Entidades Locais a partires de xaneiro deste ano incrementáanse globalmente nun 6,9% con respecto ao ano 2014, có seguinte reparto:

	Entrega Conta Ano 2014 (En Millóns de Euros)	Entrega Conta Ano 2015 (En Millóns de Euros)	Crecedemento
Concellos Réxime Xeral	4.311,08	4.573,57	6,1%
Concellos Réxime Cesión	6.552,56	7.020,82	7,1%
Deputacións e Entes Asimilados	5.534,30	5.931,18	7,1%
TOTAL	16.397,94	17.525,57	6,9%

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Nota: A desagregación dos datos por Comunidades Autónomas poderase consultar na Páxina Web da FEGAMP: www.fegamp.gal

Neste senso, e en base á experiencia de anos pasados, cabe advertir que, así como no Réxime de Cesión, o crecedemento medio será similar e practicamente homoxéneo para todas as entidades locais, os resultados para os concellos integrados no Réxime Xeral (308 dos 314 de Galicia) será moito máis heteroxéneo, dependendo da variabilidade dos criterios de poboación, esforzo fiscal e Inverso da Capacidade Tributaria respecto ao ano 2014 para cada un dos casos.

Reintegro de cantidades correspondentes ao exercicio 2013

A mala noticia para as Entidades Locais é que a mediados do ano 2015 coñeceremos as cantidades individualizadas da Participación definitiva nos Ingresos do Estado do ano 2013. Ao igual que sucedeu nos exercizos 2008 e 2009, o resultado provisional global é negativo en **-820 Millóns de Euros**, por mor de que a participación definitiva resultou

substancialmente menor que a entrega a conta realizada no seu día. Como consecuencia disto, a maioría das entidades terán que afrontar a devolución dunha parte do percibido.

Para algúns concellos galegos, estas cantidades serán desorbitadas, dado que a esa rebaixa da cantidade global, haberá que unirle os efectos que producirán os peculiares e obsoletos criterios de reparto que se utilizan para o reparto.

En todo caso, e coa intención de minorar os danos que isto suporá para as facendas municipais, a finais do ano 2014 aprobouse o "Real Decreto-ley 17/2014, de 26 de diciembre, de medidas de sostenibilidade financeira de las comunidades autónomas y entidades locales y otras de carácter económico", que na súa Disposición Adicional Décima habilita ás Entidades Locais que cumpran as premisas contempladas na mesma realizar o reintegro destas cantidades en 10 anos, a partires de xaneiro do ano 2016.